

## **INSTRUCCIÓNES INTERNAS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE PÚBLICA XENÉTICA FONTAO, S.A.**

Xenética Fontao, S.A., sociedade participada maioritariamente (80%) pola Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galiza, a través do seu organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) inclúese no sector público a que fai referencia o artigo 3.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (BOE nº 261, do 31 de outubro). En consecuencia, a dita Lei é de aplicación parcial á Sociedade, como ente do sector público que non ten o carácter de Administración Pública polo que, ademais das prescripcións de carácter xeral aplicables en materia de contratación a todo o sector público, para os efectos da adjudicación dos seus contratos a sociedade ten que rexirse polo disposto no Capítulo II do Libro III da Lei. Conforme a iso, e de acordo coas facultades atribuídas no artigo 22 dos estatutos sociais, o consello de administración de Xenética Fontao, S.A aprobou, con data do 21 de abril de 2008, as seguintes instruccións internas en materia de contratación:

### **Primeira.- Ámbito de aplicación da Lei:**

Os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebre Xenética Fontao, S.A rexiranse polo disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, para os entes, organismos e entidade do sector público que non teñan o carácter de Administracións Públicas, e polas presentes instruccións internas.

Conforme ao disposto no artigo 4º da Lei 30/2007, quedan excluídos do ámbito de aplicación da Lei e das presentes instruccións, os negocios e relacións xurídicas que lle afecten a Xenética Fontao, S.A., dos que se sinalan no dito artigo, que se regularán pola súa normativa específica, sen prexuízo da aplicación dos principios da Lei 30/2007 para a resolución das dúvidas e lagoas que se poideran presentar.

### **Segunda.- Réxime aplicable:**

De acordo co disposto no artigo 20 da Lei 30/2007, consideraranse contratos privados todos os celebrados por Xenética Fontao, S.A. En consecuencia, rexiranse en canto á súa preparación e adjudicación, en defecto de normas específicas, pola Lei 30/2007 e as súas disposicións de desenvolvemento, así como polas presentes instruccións, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou privado, segundo corresponda.

Os efectos e extinción dos contratos celebrados por Xenética Fontao, S.A. rexiranse polo dereito privado.

#### **Terceira.- Xurisdicción competente:**

A orde xurisdiccional civil será a competente para a resolver as controversias que surdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción dos contratos que celebre Xenética Fontao, S.A. Tamén coñecerá cantas cuestións litixiosas afecten á preparación e adxudicación dos ditos contratos, sempre que non estén suxeitos á regulación harmonizada.

#### **Cuarta.- Calificación dos contratos:**

Os contratos que celebre Xenética Fontao, S.A -principalmente de obras, de subministros ou de servizos- calificaranse de acordo coas normas contidas na sección 1ª do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 30/2007, e os restantes contratos, segundo as normas de dereito administrativo ou privado que lles sexan de aplicación.

#### **Quinta.- Contratos suxeitos a unha regulación harmonizada:**

Os contratos de obras, subministros e de servizos que celebre Xenética Fontao, S.A suxeitaranse á regulación harmonizada establecida na Lei 30/2007, conforme á delimitación prevista no seu artigo 13, sempre que o seu valor estimado supere os umbrais que se establecen, en cada caso, nos artigos 14 a 16 da devandita lei, modificados ou substituídos, de se lo caso, polas súas disposicións adicionais decimoterceira e decimocuarta.

De acordo coa instrucción décima novena, o valor estimado dos contratos calcularase conforme ao previsto no artigo 76 da Lei 30/2007.

#### **Sexta.- Necesidade e idoneidade do contrato:**

Xenética Fontao, S.A non poderá celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e a realización dos seus fins estatutarios. Para iso, a natureza e extensión das necesidades que pretendan cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, determinaranse con precisión, deixando constancia de iso na documentación preparatoria pola Dirección do Centro, antes do inicio do procedemento para a súa adxudicación.

#### **Sétima.- Prazo de duración dos contratos:**

Sen prexuízo de normas especiais que foran aplicables a determinados contratos, a duración dos contratos de Xenética Fontao, S.A establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periódicamente a concorrencia a realización delas.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de éstas e que

a concorrencia para a súa adxudicación fora realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, períodos de prórroga engadidos.

A prórroga acordarase polo consello de administración de Xenética Fontao, S.A e será obligatoria para o empresario, agás que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

Os contratos menores a que se refire a instrucción vinte tres, punto 2º non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

#### **Octava. Libertade de pactos:**

Nos contratos de Xenética Fontao, S.A. poderán incluirse calesquer pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración.

Soamente poderán fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando as ditas prestacións se encontren directamente vinculadas entre elas e se manténan relacións de complementariedade que exixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin propio de Xenética Fontao, S.A.

#### **Novena.- Contido mínimo do contrato:**

Agás que se atopen recollidos nos pregos, os contratos que celebre Xenética Fontao, S.A. deberán incluir, necesariamente, as seguintes mencións:

- a) A identificación das partes.
- b) A acreditación da capacidade dos firmantes para suscribir o contrato.
- c) A definición do obxecto do contrato.
- d) A referencia á lexislación aplicable ao contrato.
- e) A enumeración dos documentos que integran o contrato.
- f) O prezo certo, ou o modo de determinalo.
- g) A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.
- h) As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- i) As condicións de pagamento.
- j) Os supostos en que procede a resolución.

k) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, de se lo caso, se impoña ao contratista.

O documento contractual non poderá incluir estipulacións que establezan dereitos e obligas para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, de se lo caso, na forma que resulte da proposición do adxudicatario, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato de acordo co actuado no procedemento, de non existir aqueles.

#### **Décima.- Perfección e forma dos contratos**

Os contratos de Xenética Fontao, S.A que estén suxeitos a regulación harmonizada perfeccionaranse mediante a súa adxudicación definitiva, calquera que sexa o procedemento seguido para chegar a ela.

Agás que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos da sociedade entenderanse celebrados en Lugo.

Xenética Fontao, S.A. non poderá contratar verbalmente, agás que o contrato teña carácter de emerxencia.

#### **Décimo primeira.- Remisión de contratos ao Consello de Contas:**

Sen preuxizo das facultades do Consello de Contas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estime pertinentes con relación aos contratos de calquera natureza e coantía, nos tres meses seguintes á formalización do contrato, Xenética Fontao, S.A. remitirá ao dito Consello copia certificada do documento contractual, acompañado dun extracto do expediente do que se derive, sempre que a coantía do contrato exceda dos umbrais a que fai referencia o artigo 29 da Lei 30/2007. Igualmente, comunicarase ao Consello de Contas as modificacións, prorrrogas ou variacións de prazos, as variacións de prezo e o importe final, a nulidade e a extinción normal ou anormal dos ditos contratos.

#### **Décimo segunda.- Supostos de invalidez dos contratos suxeitos a regulación harmonizada:**

Ademais dos casos nos que a invalidez derive da ilegalidade do seu clausulado, os contratos suxeitos a regulación harmonizada serán inválidos cando o sexa algún dos seus actos preparatorios ou os de adxudicación provisional ou definitiva, por concorrer neles algunha das causas de derecho administrativo ou civil e cos efectos a que se refiren os artigos 32 a 36 da Lei 30/2007, que lle sexan de aplicación.

**Décimo terceira.-Arbitraxe:**

Xenética Fontao, S.A. poderá remitir a un arbitraxe, conforme as disposicións da Lei 60/2003, de 23 de decembro, de Arbitraxe, a solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción dos contratos que celebre.

**Décimo cuarta.- Órgano de contratación: competencia para contratar:**

A representación de Xenética Fontao, S.A. en materia contractual correspondelle ao consello de administración, que poderá delegala, de conformidade co previsto nos estatutos sociais.

**Décimo quinta.- Responsable do contrato:**

Sen prexuízo das facultades que lle correspondan, para os contratos de obras, ao director facultativo, o consello de administración da sociedade poderá designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instruccións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que lle atribúa. O responsable do contrato poderá ser unha persona da sociedade ou allea a ela.

**Décimo sexta.- Perfil de contratante:**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo doutros medios de publicidade, Xenética Fontao, S.A difundirá, a través de Internet, o seu perfil de contratante. A forma de acceso ao dito perfil especificarase na páxinas Web da sociedade e nos pregos e anuncios de licitación.

O perfil de contratante poderá incluir calquera datos e informacións referentes á actividade contractual de Xenética Fontao, S.A., como anuncios de información previa, licitacións abertas ou en curso e a documentación relativa ás mesmas, as contratacións programadas, os contratos adxudicados, os procedementos anulados, e calquera outra información útil de tipo xeral, como puntos de contacto e medios de comunicación que poidan utilizarse para relacionarse co órgano de contratación da sociedade.

**Décimo séptima.- Capacidad e solvencia do empresario:**

Soamente poderán contratar con Xenética Fontao, S.A. as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranjeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de se lo caso, sexa exixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Para os efectos de determinar e acreditar a aptitude para contratar con Xenética Fontao, S.A., aplicarase o disposto para os contratos do sector público que non sexan Administracións Públicas, no Capítulo II do Título II do Libro I da Lei 30/2007.

**Décimo oitava.- Obxecto do contrato:**

O obxecto dos contratos que realice Xenética Fontao, S.A. deberá ser determinado.

Non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuir a súa coantía e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

Para a división en lotes ou prestacións diferenciadas, aplicarase o previsto no artigo 74.3 da Lei 30/2008.

**Décimo novena.- Prezo e coantía do contrato:**

Nos contratos de Xenética Fontao, S.A., a retribución do contratista consistirá nun prezo certo que deberá expresarse en euros, sen prexuízo de que o seu pago poida facerse mediante a entrega de outras contraprestacións nos casos en que así se prevea. Coidarase de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado no momento de fixar o orzamento de licitación e a aplicación, de se lo caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Na contratación de Xenética Fontao, S.A., aplicárselle aos prezos e ao cálculo do valor estimado do contrato o disposto, respectivamente, nos artigos 75 e 76 da Lei 30/2007 para os contratos do sector público que non sexan Administracións Públicas.

**Vinte.- Garantías:**

Nos contratos que celebre Xenética Fontao, S.A., o órgano de contratación poderá exixir a prestación dunha garantía aos licitadores ou candidatos, para responder do mantenimento das súas ofertas até a adxudicación provisional e, de se lo caso, definitiva do contrato ou ao adxudicatario, para asegurar a correcta execución da prestación.

O importe da garantía así como o réxime da súa devolución ou cancelación estableceranse polo órgano de contratación, atendidas as circunstancias e características do contrato.

### **Vinte e un.- Preparación dos contratos:**

Nos contratos que non sexan de regulación harmonizada, de coantía superior a 50.000 euros, Xenética Fontao, S.A. elaborará un prego, no que se establezan as características básicas do contrato, o réxime de admisión de variantes, as modalidades de recepción das ofertas, os criterios de adxudicación, as garantías que deberán constituir, de se lo caso, os licitadores ou o adxudicatario, e a información, se procede, sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo. Estos pregos serán parte integrante do contrato.

Os contratos de Xenética Fontao, S.A. suxeitos a regulación harmonizada someteranse ás reglas a que fai referencia o artigo 121.1 da Lei 30/2007.

### **Vinte e dous.- Adxudicación dos contratos:**

A adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada rexiranse polo disposto no Capítulo I do Título I do Libro III da Lei 30/2007, coas particularidades establecidas no artigo 174 da devandita Lei.

A adxudicación dos demais contratos rexirase polo disposto nas instrucións vinte e tres a vinte e sete e, en calquera caso, someterase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, e garantirse que o contrato é adxudicado a quen presente a oferta económica mente mais vantaxosa.

### **Vinte e tres. Procedimentos de adxudicación:**

Os contratos non suxeitos a regulación harmonizada que celebre Xenética Fontao, S.A. adxudicaranse conforme ó seguinte:

1º.- A adxudicación realizarase, ordinariamente, utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido. Nos supostos previstos nos artigos 154 a 159 da Lei 30/2007, poderá seguirse o procedemento negociado, e nos casos previstos no artigo 164 poderá recorrerse ao diálogo competitivo.

2º.- Nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados con publicidade, o consello de administración de Xenética Fontao, S.A. estará asistido por unha mesa de contratación, composta por un vogal do dito consello, que a presidirá, o director do Centro, como vogal, e outra persoa do consello ou da sociedade, que actuará como secretario. A dita mesa será a competente para a valoración das ofertas. Nos procedementos negociados en que non sexa necesaria a publicación do anuncio de licitación, a constitución da mesa será potestativa.

3º.- Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación. Consideraranse contratos menores os de importe inferior a

50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate de outros contratos.

4º.- Xenética Fontao, S.A. dará aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e a adxudicación estará sometida, en todo caso, aos principios aos que se refire o párrafo segundo da instrución anterior.

5º.- Entenderanse cumpridas as esixencias do principio de publicidade coa inserción da información relativa á licitación dos contratos de importe superior a 50.000 euros no perfil do contratante de Xenética Fontao, S.A. Ademais do anterior, publicarase un anuncio da licitación nun diario de ámbito galego cando o valor estimado do contrato sexa superior a 200.000 euros, para obras, ou a 60.000 euros, para outros contratos.

6º. Xenética Fontao, S.A. fixará o prazo de recepción das ofertas e solicitudes de participación, tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparalas, atendida a complexidade do contrato. En ningún caso, poderase conceder un prazo inferior a dez días naturais para a presentación de solicitudes.

7º.- Para os contratos a que se refire o párrafo primeiro da instrución vinte e un, as proposicións dos interesados axustaranse ao previsto no prego e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das claúsulas ou condicións previstas no dito prego.

8º.- As proposicións serán secretas e a dirección do Centro de Xenética Fontao, S.A. arbitrará os medios que garantan tal carácter até o momento da licitación pública. Cada licitador non poderá presentar máis dúnha proposición nem suscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por él suscritas.

9º. As proposicións no procedemento aberto e as solicitudes de participación nos restrinxido, negociado e diálogo competitivo, acompañaranse dos documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, de se o caso, a súa representación; e os que acrediten os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional; así como dunha declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar co sector público e de que se atopa ao corrente do cumplimento das obligas tributarias e coa Seguridade Social, e aqueles que así se indiquen no prego e no correspondente anuncio de licitación

10º.- Cando na adxudicación se teñan en conta criterios distintos do prezo, poderanse tomar en consideración as variantes ou melloras que ofrezan os licitadores, sempre que o prego prevera expresamente tal posibilidade. A posibilidade de que os licitadores ofrezan variantes ou melloras indicarase no anuncio de licitación do contrato, precisando sobre qué elementos e en qué condicións autorízase a súa presentación.

11º.- Os criterios que servirán de base para a adxudicación do contrato determinaranse por Xenética Fontao, S.A. e se detallarán no anuncio ou nos pregos. Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta económica mente más vantaxosa atenderase a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, como a calidade, o prezo, a fórmula utilizable para revisar as retribucións ligadas á utilización da obra ou á prestación do servizo, o prazo de execución ou entrega da prestación, o custo de utilización, as características medioambientais ou vinculadas coa satisfacción de exixencias sociais que respondan a necesidades, definidas nas especificacións do contrato, propias das categorías de población especialmente desfavorecidas ás que pertenezan os usuarios ou beneficiarios das prestacións a contratar, a rendabilidade, o valor técnico, as características estéticas ou funcionais, a disponibilidade e custo dos repostos, o mantemento, a asistencia técnica, o servizo postventa ou outros semellantes. Cando so se utilice un criterio de adxudicación, será, necesariamente, o do prezo máis baixo.

12º.- A adxudicación dos contratos de importe superior a 50.000 euros publicaranse no perfil de contratante de Xenética Fontao, S.A.

#### **Vinte e catro. Procedemento aberto:**

No procedemento aberto, todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos térmos do contrato cos licitadores. O prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días naturais, contados dende a publicación conforme ao punto 5º da instrución anterior, ou de vinteseis días naturais, no caso do contrato de obras.

A mesa de contratación valorará as proposicións calificando previamente a documentación sinalada no punto 9º da instrucción anterior, que se presentará polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición, e posteriormente procederá á apertura e exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de adxudicación ao consello de administración, logo da ponderación dos criterios de selección do adxudicatario que constaran no prego. Poderase solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos para a valoración das proposicións ou para verificar o cumprimento das especificacións técnicas do prego.

#### **Vinte e cinco. Procedemento restrinxido:**

No procedemento restrinxido so poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, a súa solicitude e en atención á súa solvencia, sexan seleccionados por Xenética Fontao, S.A. Neste procedimento prohíbese toda negociación dos térmos do contrato cos solicitantes ou candidatos.

Deberanse establecer con carácter previo ao anuncio de licitación e indicarse neste, os criterios obxectivos e non discriminatorios de solvencia conforme aos que se

elixirán os candidatos que sexan invitados a presentar proposicións; así como o número mínimo de empresarios aos que se invitará a participar no procedemento, que non poderá ser inferior a cinco.

O prazo para a presentación de solicitudes de participación será, como mínimo, de dez días naturais, contados dende a publicación do anuncio.

Comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, seleccionarase aos que deban pasar á seguinte fase, aos que invitará, simultáneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións no prazo de quince días naturais dende a recepción da invitación.

A mesa de contratación procederá á apertura e exame das proposicións recibidas, formulando a correspondente proposta de adxudicación ao consello de administración, logo da ponderación dos criterios de selección do adxudicatario que constaran no prego. Poderase solicitar, antes de formular a súa proposta, cants informes técnicos considere precisos para a valoración das proposicións ou para verificar o cumprimento das especificacións técnicas do prego.

#### Vinte e seis: Procedemento negociado

No procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, logo de efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles.

No prego determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, de selo caso, sexan obxecto de negociación coas empresas.

Neste procedemento será necesario solicitar ofertas, alomenos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible.

Xenética Fontao, S.A. poderá articular o procedemento negociado en fases sucesivas, a fin de reducir progresivamente o número de ofertas a negociar mediante a aplicación dos criterios de adxudicación sinalados no anuncio de licitación ou no prego, indicándose nestos se se vai a facer uso desta facultade.

Durante a negociación, velarase porque todos os licitadores reciban igual trato. En particular, non facilitarán, de xeito discriminatorio, información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto.

Negociarase cos licitadores as ofertas que estes presentaran para adaptalas aos requisitos indicados no prego e no anuncio de licitación, de selo caso, e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a oferta económica máis vantaxosa.

No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

**Vinte e sete.- Outros procedementos.**

No diálogo competitivo e nos concursos de proxectos, o procedemento seguirá o previsto nas seccións 5<sup>a</sup> e 6<sup>a</sup>, respectivamente, do Capítulo I, do Título I, do Libro III da Lei 30/2007.

**Vinte e oito.- Xunta Consultiva de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Xenética Fontao, S.A. poderá solicitar informe á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrita á Consellería de Economía e Facenda, nos casos que procedan de conformidade co previsto no Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a dita Xunta Consultiva

**Vinte e nove.- Contratación no extranxeiro.**

Os contratos que formalice e execute Xenética Fontao, S.A. no extranxeiro terán en conta o disposto na disposición adicional primeira da Lei 30/2007.

**Trinta.- Protección de datos de carácter persoal**

Os contratos que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respetar na súa integridade a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e a súa normativa de desenvolvemento.



Asdo: D José Alvarez Robledo

Presidente do Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A.